



cidade onde recupere a liberdade, a felicidade, tras os tempos amargos que lle tocou vivir, pois alí ninguén o coñecía, ninguén o sinalaba. E como na Estrada o seu labor non se limita unicamente á docencia e participará en todas as actividades culturais que hai na cidade: colabora cos museus Provincial e Diocesano e Catedralicio, realiza proxectos de investigación, de catalogacións e traballos de campo en castros e outros xacementos arqueolóxicos. Froito da súa relación coa cidade nacerán múltiples publicacións, a máis importante a súa monografía Lugo (1973), onde Fraguas realiza un amplísimo percorrido pola historia e patrimonio da cidade.

No curso 1959-60 Fraguas pide o traslado ao instituto feminino Rosalía de castro de Santiago (actual IES Rosalía de Castro), que lle é concedido de inmediato. Alí permanecerá até a súa xubilación. En 1960 o padroado do Museo Municipal de

Santiago acorda designalo vogal da sección de etnografía; tres anos despois, en 1963, é elixido director desta institución, xermolo do Museo do Pobo Galego (inaugurado en 1976), do que será director até a súa morte. Os últimos anos son de recoñecementos e premios: Premio Trasalba (1985), Medalla de Ouro do Concello de Santiago (1988), Premio Otero pedrayo (1992), cronista oficial de Galicia (1992), Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia (1995), Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela (1995), entre outros.

O 5 de novembro de 1999 falece en Santiago de Compostela. O seus restos descansan no cemiterio compostelán de Boisaca, preto doutros persoeiros da cultura galega como Ramón María del Valle-Inclán ou Aurelio Aguirre.



PROGRAMA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

- ▶ **MÉRCORES, 15 DE MAIO, ás 10.30h**
Casa da Cultura
Fiesta dos soños, do grupo de musical OS TROTAVENTOS.
- ▶ **XOVES, 16 DE MAIO, ás 10.30h**
Casa da Cultura
Concerto didáctico a cárrego de ODAIKO.
- ▶ **XOVES, 16 DE MAIO, ás 11.15h**
Programa en Radio Melide sobre a figura de Antonio Fraguas
- ▶ **DO 16 ATÉ O 31 DE MAIO,**
Baixo da Casa do Concello
EXPOSICIÓN: Antonio Fraguas 1905-1999
- ▶ **DO 18 ATÉ O 25 DE MAIO, de Luns a Venres, de 17:00h a 19:00h**
Casa da Cultura
EXPOSICIÓN: Territorio Acoutado, de Olga Patiño e Carlo Lorenzo

LETRAS GALEGAS 2019

ANTONIO
FRAGUAS



CONCELLO
DE MELIDE

Antonio Fraguas Fraguas nace o 28 de decembro de 1905 na aldea de Insuela, parroquia de Loureiro, Concello de Cotobade, e morre en Santiago de Compostela en 1999. Foi historiador, xeógrafo, biógrafo, etnógrafo, antropólogo... e sobre todo profesor. Durante a súa longa vida, dedicouse en corpo e alma ao estudo científico de Galicia como territorio e pobo, cunha curiosidade insaciábel e unha capacidade de traballo enorme até a súa morte. Sen dúbida, estamos perante un dos grandes dinamizadores da cultura galega no século XX.

A súa vida non foi doada. Nace no seo dunha familia de aldea e escasos recursos, aínda que nunca pasou necesidades. Seus pais, Teresa Fraguas e Manuel Fraguas casan seis anos despois do seu nacemento. O pai, como tantos outros canteiros de Cotobade, emigrara ao Brasil un pouco antes de nacer (fillo e pai non se coñeceran até o regreso deste en 1912).

No ano 1910 comeza a estudar na escola pública da súa parroquia. Aínda que o mestre era seu tío, non gardará moi boa recordación del, pois malia ser intelixente e de moitos coñecementos, non sabía logo transmitirlos ao alumnado. Así e todo entre o aprendido na escola e o que lle ensinaban na casa foi adquirindo unha completa educación. En xuño de 1919 marcha para Pontevedra estudar o bacharelato, logo de aprobar o exame de ingreso no Instituto Xeral e Técnico, e comeza a súa xeira no ensino secundario. En Pontevedra inicia unha etapa esencial na súa formación cara ao galeguismo e todo o que tiña que ver con Galicia, a súa historia, o seu territorio e a súa xente. O rapaz da aldea, "o da aldea" como o alcumaban, vai ficar seducido e fundamentalmente marcado por algúns dos seus profesores e aos que quería asemellarse, entre eles salientaban tres: Losada Diéguez, o seu mentor e profesor de Filosofía, Ramón Sobrino Buhigas, historiador e arqueólogo, e Castelao, responsábel da materia de Debuxo, cos que compartiría proxectos tempos despois no Seminario de Estudos Galegos.

Neses anos de estadía en Pontevedra agroma o seu galeguismo e funda, xunto con outros compañeiros, entre eles o seu inseparábel Sebastián González, a Sociedade da Lingua, co obxectivo de por

en marcha diversas liñas de actuación que ían desde a defensa do galego como lingua de uso na escola á elaboración dun dicionario galego (nese momento todos bilingües) pasando pola recompilación ou a investigación arqueolóxica.

En 1924 remata os estudos de bacharelato e vai para Santiago de Compostela estudar Filosofía e Letras. Un ano antes da súa chegada a Santiago de Compostela, un grupo de intelectuais e investigadores poñen en marcha unha organización que tiña como principais obxectivos dar a coñecer o patrimonio cultural galego e a formación de novos investigadores. O nome desta institución era o de Seminario de Estudos Galegos, o grande dinamizador de todo o que teña que ver con Galicia antes da Guerra Civil. Entre os seus fundadores estaban figuras senlleiras da nosa cultura como: Fermín Bouza Brey, Lois Tobío, Xosé Filgueira Valverde, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Castelao ou

Losada Diéguez, que será quen convide a Fraguas a formar parte do grupo. Con todos eles comeza a trabar amizade. O ingreso oficial no seminario tivo lugar o 5 de novembro de 1928 co traballo O castro de Soutolongo (Lalín), se ben xa vivira de cheo a efervescencia da institución o ano anterior, pois fora proposto como socio activo o 15 de outubro de 1927. Vai colaborar inicialmente en tres das seccións do seminario: Xeografía (dirixida por Otero Pedrayo), de Etnografía e Folclore (dirixida por Vicente Risco) e Prehistoria (dirixida por Florentino F. Cuevillas). Porén, como era costume nel, acabou facendo achegas a practicamente todas as seccións e até lle foi encomendada a tarefa de bibliotecario. A súa implicación na institución é máxima e vai estar en todas as campañas de investigación. Así, en 1929, participa nos traballos de catalogación da comarca da Terra de Melide. Trátase dun traballo colectivo sen precedentes, que anos despois verá a luz no volume Terra de Melide (1933). Sen dúbida a grande achega do seminario ao estudo dunha comarca galega, a única totalmente estudada, onde Antonio Fraguas participou na catalogación dos castros e mámoas da nosa terra. Os estudos posteriores sobre o patrimonio material e inmaterial da Terra de Melide non se poderían explicar sen a publicación deste libro, todo un referente nos estudos de investiga-




ción a nivel melidao e galego. En 1990 o Concello de Melide dálle o seu nome a unha rúa da vila, en recoñecemento do seu traballo de investigación e difusión do patrimonio da comarca a través do libro Terra de Melide.

Por esta época tamén comeza a colaborar con Unión Radio Galicia, a primeira emisora galega de radio, acabada de inaugurar, na que Fraguas será un dos primeiros en empregar o idioma galego, todo un pioneiro no uso da nosa lingua na radiofonía.

Desta época tamén se publican os seus primeiros traballos académicos. En 1930 publica O entroido nas terras do sul de Cotobade, o seu primeiro texto académico publicado. Antonio Fraguas publicou máis de trescentos traballos durante os máis de setenta anos de actividade investigadora, desde pequenos artigos até grosos volumes, e sobre as temáticas máis variadas, aínda que sempre cun elemento común: Galicia, a súa cultura, as súas tradicións, o seu patrimonio e as súas xentes.

No pouco tempo que lle ficaba libre dedicase a preparar oposicións. E en 1933 obtén a praza de catedrático de Xeografía e Historia, e o seu novo destino será o instituto local da Estrada acabado de crear. A súa estadía na Estrada vai ser curta, apenas tres anos, mais de grande intensidade intelectual. Malia a súa intensa dedicación á docencia, non se conforma só preparar e impartir aulas, e acabará sendo o gran dinamizador da vida cultural estradense nos anos previos á Guerra Civil. Tamén durante a súa estadía na Estrada desenvolverá unha importante actividade política, Fraguas é nomeado secretario do Partido Galeguista da Estrada, e nos primeiros meses de 1936 participa en mitins de apoio ao Estatuto de Galicia nos que coincide con figuras da cultura e da política galeguista da época como Alexandre Bóveda, Otero Pedrayo, ou Castelao.

No verán de 1936 estala a Guerra Civil. Fraguas era un home significado politicamente e non só na estrada, tamén en Cotobade, pois participara activamente nos movementos galeguistas. Naqueles primeiros días da sublevación franquista o terror apoderouse da poboación. Os falanxistas non tardaron en ir procuralo á casa en Cotobade, foron en repetidas ocasións, por iso



durante o día permaneceu escapado e xa entrada a noite regresaba. Non obstante ao non recibir comunicación en sentido contrario, decide incorporarse ao instituto a comezos do ano académico 1936-37. Mais esa mesma noite é detido. Nese preciso momento comezará o seu particular viacrucis. Salva a vida, todo parece indicar que foi polo aprecio que lle tiña a veciñanza da Estrada, mais é fortemente represaliado: foi destituído de todos os seus cargos e títulos académicos, foi expulsado da cátedra que ocupaba no instituto e viuse obrigado a volver a Cotobade, sen traballo e marcado como un inimigo do franquismo.

A durísima posguerra comeza para Fraguas desposuído de todos os seus títulos. Non obstante a partir de 1942 permíteselle volver á docencia, aínda que só como profesor axudante na universidade e coa prohibición de ocupar cargos directivos ou de confianza. Así durante a década de 1940 retoma pouco a pouco o seu contacto coa universidade a través de cursos de verán.

Outros dos danos colaterais da Guerra Civil foi a desaparición do Seminario de Estudos Galegos, que en apenas trece anos de existencia se converterá no maior dinamizador da vida cultural do país. Para substituílo, en 1944 o franquismo crea o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, para o que axiña contan con Antonio Fraguas, do que será secretario, bibliotecario e director da sección de Etnografía e Folclore do dito organismo. Nesa altura Antonio Fraguas xa é unha figura de relevancia dentro do panorama cultural galego, e a Real Academia Galega noméao académico correspondente no que será o primeiro dos recoñecementos como investigador que recibirá en Galicia, aínda que non será até 1951 cando sexa elixido membro numerario da institución, onde ocupará a cadeira de Castelao.

1950 (data do falecemento de Castelao e da fundación da Editorial Galaxia) será unha data transcendental na súa traxectoria vital, pois recupera a cátedra de Xeografía e Historia que lle fora retirada tras a Guerra Civil. De novo pode exercer a docencia no bacharelato e o seu destino será Lugo, concretamente o Instituto Nacional Lucus Augusti, centro no que vai estar desde 1950 até 1959. Lugo será a